

PROGRAMA ESPECIALIZADO DE FORMACIÓN XERENCIAL

MÓDULO 2: TRANSFORMACIÓN DIXITAL. UNHA PROPOSTA PRÁCTICA PARA ACCEDER A FONDOS DE FINANCIAMENTO [En colaboración coa Rede Eusumo]

DATAS REALIZACIÓN	23/03 - 07/04/2022	DURACIÓN	20 horas
HORARIO	Celebraranse 6 sesións virtuais de aprendizaxe os días mércores e xoves: 23 e 24, 30 e 31 de marzo e 6 e 7 de abril, en horario de 12:00 a 13:30 horas.		
LUGAR CELEBRACIÓN:	Plataforma de teleformación da Unión de Cooperativas Espazocoop http://aulaespazocoop.com		
PERSONA DE CONTACTO	Patane García Méndez	teléfono	881 887 456 / 697 877 773
		e-mail	patane@espazo.coop

PARA INSCRIBIRSE PREMA AQUÍ

OBXECTIVOS

- Atender as necesidades formativas específicas de mellora na xestión empresarial e capacitación para a dirección e xerencia das cooperativas participantes.
- Achegar unha panorámica das dimensións e oportunidades que implica a transformación dixital, para poder analizar cales poden ser de interese e aplicables á realidade de cada cooperativa.
- Divulgar de forma práctica boas prácticas e ferramentas que permitan exemplificar as dimensións da transformación dixital. Tanto se poden aplicarse directamente, como para solicitar e valorar a contratación de servizos externos, tamén de inter-cooperación entre cooperativas.
- Potenciar o coñecemento mutuo e intercambio de experiencias das cooperativas participantes que permitan establecer alianzas futuras.

PROGRAMA E CONTIDOS

1. Infraestruturas (conectividade, hardware, software). Xestión interna.
2. Información, datos e seguridade.
3. Traballo en equipo en contornas virtuais.
4. Comercialización de bens e dixitalización de servizos.
5. Clientes e audiencias.
6. Marketing. Comunicación.

METODOLOXÍA

O programa artellarase sobre exercicios prácticos de auto-avaliación, acompañada por especialistas, das necesidades e oportunidades de dixitalización de cada cooperativa. En cada paso, iranse definindo cales podería abordar a cooperativa grazas á dixitalización. E así establecer unha memoria técnica ou folla de ruta, que a cooperativa poida empregar para aplicar en potenciais convocatorias públicas.

Comenzaremos cun cuestionario inicial para enmarcar os obxectivos de cada participante e personalizar, na medida do posible, o enfoque das sesións. Posteriormente, para facilitar o proceso de aprendizaxe sobre a plataforma online, proporanse para cada ámbito:

- Exercicios de autoavaliación que permitan facer unha diagnose previa de cada cooperativa.
- Sesións síncronas, onde poder realizar unha breve contextualización de cada ámbito dixital. Mostrar casos prácticos de aplicación en pequenas organizacións. Para despois desenvolver un traballo grupal onde vaian desenvolvendo os seus modelos de "folla de ruta / memoria técnica".
- Entrega final de "folla de ruta / memoria técnica" da cooperativa, para recibir un contraste do equipo docente.

DIRIXIDO A

Con preferencia a persoas socias pertencentes aos equipos directivos, persoas que formen parte do Consello Reitor, e socias e asalariadas con responsabilidades de departamento ou area, de cooperativas.

Composición do grupo: mínimo 10 persoas e máximo 15.



Esta actividade encádrase na Programación da Rede Eusumo 2022 A REDE EUSUMO é unha rede de colaboración impulsada pola Dirección Xeral de Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social da Xunta de Galicia para o fomento do cooperativismo e a economía social que conta co financiamento do Ministerio de Trabajo y Economía Social. Programa Operativo de Inclusión Social e Economía Social – POISES- convocado por CEPES e financiado polo Fondo Social Europeo (FSE).